

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NA CONTORNA SANITARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 04.04.2024 coa Federación Autismo Galicia o instrumento convencional arriba referido.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento das seguintes accións: de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral, de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA, de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA, de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público, xa que o Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Período 2020-2024, establece no seu eixe 1: Participación, autonomía e sensibilización accións de sensibilización á cidadanía para a inclusión social das persoas con trastorno mental e de promoción dos dereitos das persoas con discapacidade. E a este respecto, entre as actividades da Federación Autismo Galicia, que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade Autónoma adicadas especificamente ao ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA), atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento ás persoas con TEA e ás súas familias; así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei

1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

